



XUNTA DE GALICIA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. SERVIZO DE EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

Visto o texto do acordo polo que se aproba a táboa salarial e o calendario laboral para o ano 2025 do Convenio Colectivo da empresa CALFENSA PROYECTOS, SL, asinado o día 23 de xaneiro de 2025 pola representación da empresa e polos representantes das persoas traballadoras, como membros da comisión negociadora, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 11 de febreiro de 2025.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

ACTA DE FIRMA

CONVENIO COLECTIVO DE LA EMPRESA CALFENSA PROYECTOS, S.L.

ASISTENTES

Por la representación de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ

Por la representación de los trabajadores de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

JESÚS BRAÑAS ARES (UGT)

LUCÍA CEIDE ARIAS (UGT)

ROBERTO LODEIRO REBOREDO (CIG)

JUAN CARLOS BARGUEIRAS LÓPEZ (CIG)

En Lugo, siendo las 17:00 horas del día 23 de Enero de 2025, se reúnen en el domicilio de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L. (Ctra. Lugo - Sarria C-546 Km. 2; Santa Comba - Lugo) las personas al margen relacionadas, miembros todas ellas de la **Comisión Negociadora del Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.**, adoptándose, tras los debates oportunos, los siguientes

ACUERDOS:

Primero.- Aprobar la tabla salarial vigente desde el 1 de enero de 2025 hasta el 31 de diciembre de 2025, conforme a lo previsto en el artículo 14, para lo que las partes cuentan con la representatividad suficiente y necesaria según se acredita con el Acta de Constitución de la Comisión Negociadora.

Segundo.- Aprobar el calendario laboral 2025 conforme al cuadro adjunto.

Tercero.- Remitir la tabla aprobada, así como la presente Acta y demás documentación necesaria, a la Autoridad Laboral competente a los efectos legales oportunos.

Cuarto.- A los efectos del registro y depósito de la tabla salarial aprobada y del calendario laboral igualmente aprobado, se autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. **.321.1***, responsable de negociación colectiva de la Confederación de Empresarios de Lugo, a la presentación de la solicitud de inscripción correspondiente ante el Registro de la autoridad laboral competente, facilitando cuantos datos sean necesarios para la presentación de tal solicitud de inscripción.

Y para que así conste, en prueba de conformidad, firman la presente Acta en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

Por la empresa:

JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ, DNI **245***.

Por los trabajadores:

JESÚS BRAÑAS ARES, DNI **8158***; LUCÍA CEIDE ARIAS, DNI **3258***; ROBERTO LODEIRO REBOREDO, DNI **5443***; JUAN CARLOS BARGUEIRAS LÓPEZ, DNI **3397***.

Tabla Salarial 2025.- Convenio Colectivo de la Empresa Calfensa Proyectos, S.L.

Vigencia desde el 1-1-2025 hasta el 31-12-2025

Categoría Profesional	Salario base mensual	Retribución anual
Director gerente	2.739,18	38.348,50
Técnico jefe	2.113,08	29.583,21
Jefe comercial	2.113,08	29.583,21
Técnico	1.408,63	19.722,34
Técnico en prácticas	1.134,25	16.435,32
Jefe Administración	1.800,04	25.200,59
Oficial administrativo	1.291,32	18.078,59
Auxiliar administrativo	1.173,69	16.431,66
Encargado	1.330,47	18.626,60
Oficial de 1ª	1.213,04	16.982,56
Oficial de 2ª	1.185,03	16.590,42
Peón especialista	1.185,03	16.590,42
Peón	1.185,03	16.590,42
Ordenanza/conserje	1.185,03	16.590,42
Limpiador	10.20 €/hora	

Nota.- En la categoría profesional de limpiador, el salario hora incluye la parte proporcional del descanso semanal y festivos.

BARALLA*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía número 26 de 6 de febreiro de 2025, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2024:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (4º trimestre do ano 2024).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: contra o Decreto da aprobación dos padróns de abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde esta notificación.

Baralla, 7 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0388

BECERREÁ*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 03/01/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Decembro de 2024 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 11/04/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non

recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 7 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0389

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 04/02/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 11/04/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 7 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0403

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello na sesión celebrada o seis de febreiro do actual, prestou aprobación inicial ao Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Friol.

O que se somete a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante o seu anuncio no Boletín Oficial de Provincia, Taboleiro de Anuncios e Sede Electrónica, a efectos de exame e presentación de reclamacións ou suxerencias. No caso de non presentarse, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, publicándose no B.O.P. e na Sede Electrónica. No caso de presentarse resolverase polo Pleno do Concello.

Friol, 10 de febreiro de 2025.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0404

LUGO

Anuncio

Por Decreto número 12447/2024, de data vinte e sete de decembro de 2024, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao cuarto trimestre de 2024, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do periodo voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 30 de decembro de 2024.- A Alcaldesa. P.D.O Tenente de Alcaldesa Delegado de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, en substitución do Tte Alcaldesa Delegado da Área de Transición Ecolóxica, Ilmo. Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán.

R. 0390

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA XANEIRO 2025

Por Xunta de Goberno Local do día 3.02.2025 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de xaneiro de 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións

poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 14.02.2025 ata o 14.04.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 4 de febreiro de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0405

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0018,foi aprobado o PADRÓN SAF - AGOSTO 2024, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfíxeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 27 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0391

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0787,foi aprobado o PADRÓN SAF - XULLO 2024, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfíxeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de decembro de 2024.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0392

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0676, foi aprobado o PADRÓN PAI- SETEMBRO 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 27 de novembro de 2024.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0393

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0785, foi aprobado o PADRÓN PAI- OUTUBRO 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de decembro de 2024.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0394

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0019, foi aprobado o PADRÓN PAI- NOVIEMBRE 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 27 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0395

Anuncio

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ESTUDANTES DO CONCELLO DE MURAS para os cursos 2023-2024 e 2024-2025

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 80 do capítulo II da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, refírese á compensación das desigualdades na Educación especificando que “co fin de facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorábeis e proverán os recursos económicos e os apoios precisos para iso”.

Máis concretamente, o artigo 83 da citada Lei establece taxativamente que “para garantir a igualdade a todos as persoas no exercicio do dereito á educación, os estudantes con condicións socioeconómicas desfavorábeis terán dereito a obter becas e axudas ao estudo. Na ensinanza postobrigatoria as becas e axudas ó estudo terán en conta ademais o rendemento escolar do alumnado”.

O acceso ó ensino é un dereito de toda a cidadanía, independentemente da súa situación económica e do seu lugar de residencia. Ao grande esforzo que lle supón ás familias a compra do material escolar, roupa, calzado..., para os seus fillos e fillas, hai que engadirlle os gastos de transporte no ensino postobrigatorio, gastos estes últimos, moi superiores pola nosa condición de concello rural.

No curso pasado, o concello para combater a brecha dixital, e co obxectivo de garantir que todo o alumnado de Muras matriculado en calquera nivel educativo contara con conexión de internet, o goberno aprobara unha axuda extra consistente nunha cantidade fixa de cen euros, que se mantén nesta convocatoria. Como novidade este ano, introducimos unha nova axuda para o alumnado que realice estudos no estranxeiro, a través dos programas promovidos pola UE, Ministerio de Educación ou Consellería de Educación da Xunta de Galicia, sempre que a estancia no país estranxeiro sexa superior a tres meses.

O Concello, como Administración pública máis próxima á cidadanía, pode e debe poñer todos os recursos económicos dos que poida dispoñer para contribuír, mediante o establecemento de bolsas de estudos, aos gastos que lles supón ás familias o ensino dos seus fillos/as. O investimento na educación é sempre unha garantía de futuro para calquera sociedade.

Xa que logo, desde o Concello de Muras considérase necesaria a creación dun sistema regrado de bolsas escolares para estudantes do noso Concello.

1.- OBXECTO.

O Concello de Muras crea un fondo de subvencións en concepto de becas a familias do Municipio, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades compensando solidariamente as desigualdades económicas e favorecendo a inclusión social, para, que desta maneira, evitar situacións de emerxencia social. Para elo, establécense becas coas seguintes finalidades:

- Para a compra de libros e material didáctico complementario para alumnos/as de educación infantil, primaria e secundaria, educación especial, bacharelato, formación profesional e estudos universitarios.
- Para gastos de alugueiro e transporte para alumnos de bacharelato, formación profesional e estudos universitarios.
- Para o gasto da conexión a internet, para todo o alumnado en todos os niveis educativos.
- Para os gastos de estancias do alumnado no estranxeiro, con motivo da realización de programas de intercambio, destinados a potenciar a mobilidade dos estudantes. Esta axuda é compatible e complementaria coas axudas desta convocatoria referidas á estudos postobrigatorios e universitarios.

O concello conta cunha partida orzamentaria con cargo á aplicación 326-48000 por importe de 12.000,00€.

2.- BENEFICIARIOS/AS.

2.1.- Teñen a condición de beneficiarios/as os/as estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o/a estudante estea empadroadado (xunto ao resto dos membros da súa unidade familiar (1) no Concello de Muras cunha antelación de 1 ano no momento da convocatoria e ata a finalidade do curso escolar para o que se lle concedeu a axuda; e que teña a residencia habitual e efectiva no Concello de Muras.

1) Segundo a Axencia Tributaria, constitúen Unidade familiar:

1. A formada polos cónxuxes non separados legalmente, e si os houbera:

- a) os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentes destes.
- b) os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial (solteiros, parellas de feito..), a formada polo pai ou a nai e tódolos fillos que convivan con un ou outro e cumpran os requisitos do apartado anterior.

Ninguén poderá formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.

Para a determinación dos membros da unidade familiar terase en conta e a situación existente a data 31 de decembro de cada ano.

b) No caso de axuda para material didáctico complementario, que o/a alumno/a curse estudos no centro educativo situado no Concello de Muras.

c) No caso de axuda por transporte e alugueiro, que o estudante curse estudos para os que fora necesario desprazarse ou aloxarse fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo. Para a adxudicación da contía

ligada á residencia do/a estudante durante o curso requirirase que o/a solicitante acredite a necesidade de residir fora do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre o mesmo e o centro docente, os medios de comunicación existentes.

d) No caso de axuda a estudantes que cursen estudos universitarios, que o estudante estea matriculado en titulacións de estudos oficiais ou propios da Universidade fóra do Concello durante a totalidade do curso lectivo.

e) No caso de axuda para a conexión de internet, que o estudante estea matriculado en calquera curso de ensinanza regrada conducentes á obtención dun título oficial, durante a totalidade do curso lectivo.

f) No caso de educación postobrigatoria, que os/as estudantes teñan superado o curso e pasen ao seguinte e no caso de estudantes universitarios que teñan superado o 50% dos créditos das materias nas que se matricularon, sempre e cando a matrícula sexa superior a 48 créditos.

g) No caso de estudos no estranxeiro que as mesmas traian causa dunha convocatoria pública.

h) Que o/a beneficiario/a non teña axudas ou subvencións pendentes de xustificar ante o Concello de Muras.

Nos supostos dos estudantes que, cumprindo os anteriores requisitos, sexan menores de idade, terá a condición de beneficiario/a o pai, nai ou titor do mesmo.

2.2.- Os/As beneficiarios/as terán as seguintes obrigas ante o Concello de Muras:

- Cumprir a actividade obxecto da subvención
- Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT e Atriga), ca Seguridade Social e co Concello de Muras.
- Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN. As presentes bases entrarán en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos con carácter retroactivo, por tanto serán obxecto de subvencións os gastos producidos durante o curso escolar 2023-2024 así como 2024-2025.

4.- SOLICITUDES.

4.1.- As solicitudes para a concesión da presente axuda formalizaranse no modelo de solicitude e demais anexos establecido a tal fin e presentarse no rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica do Concello <https://muras.sedelectronica.gal>.

Presentarase unha solicitude por cada curso escolar para o que se solicita axuda e deberán acompañarse da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do/a solicitante e do/a estudante. Fotocopia do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.
- Fotocopia da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.
- Certificado ou copia do expediente académico do curso anterior/ cursos anteriores.
- Certificado de discapacidade, de ser o caso.
- No caso de axudas para material didáctico complementario, factura de compra dos libros e material didáctico na que deberá constar a identificación do solicitante (ou pai/ nai/ titor/ gardador de feito) e o detalle do material adquirido, expedida cos requisitos previstos no RD 1496/2003, do 28 de novembro, Regulamento de facturación.
- No caso de axudas para aloxarse fora do municipio por motivos de estudo, copia do contrato de alugueiro, onde figure como titular do contrato o solicitante así como copia dos xustificantes do pagamento (deberanse aportar ao remate do curso escolar).
- No caso das axudas para estancias no estranxeiro, copia cotexada da Resolución da concesión da estancia do organismo correspondente.
- No caso da axuda para conexión a internet, ademais do certificado acreditativo de que o solicitante cursa estudos, copias das facturas que acrediten o importe do gasto subvencionado, as cales deben ser posteriores ao inicio do curso (setembro de 2023/setembro 2024).
- Copia da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar, só no caso dos solicitantes de axudas para estudos universitarios. Nos casos en que non exista obriga de

presentar declaración do IRPF, presentarse o certificado de imputación emitido pola AEAT. En base aos datos proporcionados nese certificado, deducirase a cantidade correspondente por cónxuxe e/ou por fillos/as sobre os rendementos brutos especificados.

- De ser o caso, autorización para a comprobación por parte do concello de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.
- Certificado de titularidade da conta: Datos bancarios do beneficiario para recibir a subvención.

4.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, contando dende o día seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, publicación que irá acompañada de bandos no termo municipal para unha mellor difusión.

5.- PROCEDIMIENTO

5.1.- A instrución do procedemento corresponderalle á traballadora social do Departamento de Servizos Sociais, que deberá avaliar as solicitudes presentadas e requirir as emendas que procedan para que as mesmas cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases. O prazo de emendas será de dez días improrrogables; no suposto de que os defectos se consideren non emendables, o órgano instrutor propondrá a non admisión.

5.2.- Avaliadas as solicitudes polo órgano instrutor, e tras fiscalización do expediente por parte do servizo de Intervención, emitirase proposta de resolución por parte da Alcaldía.

5.3.- Contía máxima:

Establécense os seguintes tipos de becas para libros, material complementario, transporte e aloxamento e conexión a internet, en función das etapas educativas, dotadas coas seguintes contías:

- A) Segundo ciclo de educación infantil (3 a 5 anos) : Ata 50 € (por cada curso escolar)
 - B) Educación primaria (do primeiro ao sexto curso) : Ata 50 € (por cada curso escolar)
 - C) Educación secundaria obrigatoria (do primeiro ao cuarto curso): Ata 200 € (por cada curso escolar)
 - D) Bacharelato (do primeiro ao segundo curso): Ata 200 € (por cada curso escolar)
 - E) Alumnado matriculado nun centro de educación especial ou en unidades de educación especial ou cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% : Ata 250 € (por cada curso escolar). Non obstante, a contía da axuda poderá verse incrementada si estes/as alumnos/as se atopan nun curso Universitario ou de Formación Profesional, ata o maximo establecido para aqueles.
- Estudantes Universitarios e de Formación profesional:
 - 1.000€ si os ingresos da unidade familiar non son superiores a 3 veces o IPREM
 - 500€ si os ingresos da unidade familiar quedan entre 3 e 4 veces o IPREM
 - 350€ si os ingresos da unidade familiar superan 4 veces o IPREM
 - Para todas as etapas educativas:
 - 100€ de axuda para a conexión a internet (por cada curso escolar)
 - Para as estancias de estudo no estranxeiro
 - 1.000€ de axuda (por cada curso escolar)

En caso de que a suma de todos os importes das solicitudes superen o crédito reservado para tal fin, efectuarase un prorrateo proporcional a todas as solicitudes.

6.- RESOLUCIÓN.

6.1.- O Alcalde, previo o informe da Intervención Municipal, resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas. A resolución conterá a relación dos/das beneficiarios/as e os importes das axudas, así como as solicitudes desestimadas coa motivación que proceda.

6.2.- A notificación da resolución definitiva realizarase antes do remate do curso en vigor. Esta resolución notificarase ós beneficiarios, de acordo co artigo 42 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A falta de notificación no prazo establecido lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

6.3.- Contra a resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer, de conformidade co preceptuado no artigo 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da presente resolución, ou directamente recurso contencioso administrativo ante ao Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acordo.

Todo iso, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime conveniente en defensa dos seus intereses.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

7.1.- Tratándose de axudas concedidas para aloxamento fora do municipio por motivos de estudo, requirirase a presentación de copia do contrato de alugueiro onde figure como titular do contrato o solicitante, así como os xustificantes de pagamento do alugueiro. Xunto coa solicitude deberase asinar unha declaración xurada de que o solicitante formalizou un contrato de alugueiro ou que o vai formalizar durante o curso. Deberase aportar esta documentación ao finalizar o curso escolar, e no caso de non ser aportada a axuda quedará revogada e procederá o reintegro da mesma.

Tratándose de axudas concedidas para libros, material didáctico e conexión a internet, a xustificación entenderase realizada coa presentación da factura dos gastos de adquisición dos libros dos cursos 2023-2024 e 2024-2025 e das facturas mensuais de conexión de internet (anos 2023-2024 e 2024-2025), a unir á solicitude, de acordo co artigo 4 da ordenanza. No caso das axudas para estancias no estranxeiro, a xustificación entenderase realizada coa presentación da Resolución de concesión da estancia, xunto cos billetes ou facturas da viaxe ao sitio de destino (ida e volta).

A falta de xustificación ou xustificación insuficiente dará lugar á perda do dereito da subvención por parte do/a beneficiario/a, polo que procederá a tramitación do reintegro da axuda por parte do órgano concedente e previo o informe da Intervención Municipal.

7.2.- O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo/a beneficiario/a, no prazo de un mes dende o día seguinte a data da resolución.

8.- REINTEGRO

8.1.- Procederá o reintegro da axuda nos seguintes supostos:

- Falta de xustificación ou xustificación insuficiente
- Variación nas circunstancias que motivaron a concesión da axuda
- Demais supostos previstos no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións

8.2.- O reintegro estará suxeito ás disposicións previstas ao respecto nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

9.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

As axudas concedidas en serán compatibles con calquera outra axuda que se poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

10.- RECURSOS

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Con carácter potestativo, de conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

Disposición adicional

Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición final

Contra estas Bases poderá interponerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I-SOLICITUDE DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2023-2024

DATOS	APELIDOS E NOME DO/A ESTUDIANTE	NIF
	CURSO: CENTRO DE ENSEÑANZA:	
	APELIDOS E NOME DO PAI OU TITOR LEGAL:	NIF
	APELIDOS E NOME DA NAI OU TITORA LEGAL:	NIF
	DIRECCIÓN	TELÉFONO
SOLICITUDE	<p>SOLICITA que lle sexa concedida a axuda para:</p> <p><input type="checkbox"/> Libros de texto e material complementario</p> <p><input type="checkbox"/> Conexión a internet</p> <p><input type="checkbox"/> Axuda para alugueiro e/ou transporte.</p> <p><input type="checkbox"/> Axuda para estancias de estudos no estranxeiro</p>	
AUTORIZACIÓN	<p>O/A Solicitante AUTORIZA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO ao Concello de Muras a obter a seguinte documentación:</p> <p>- Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT, Atriga) e ca Seguridade Social.</p>	
DECLARACIÓN	<p>DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI do solicitante e do estudante.</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado ou copia do expediente académico do curso anterior (só estudos postobrigatorios)</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para material didáctico complementario, factura de compra dos libros e material didáctico.</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para conexión a internet, facturas que acrediten a conexión de datos, polo importe máximo subvencionado.</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para aloxarse fora do municipio por motivos de estudo, copia do contrato de alugueiro.</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para estancias no estranxeiro, copia da resolución pola que se lle concede a estancia de estudos no estranxeiro e copia dos gastos vinculados á estada no destino.</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.</p> <p><input type="checkbox"/> Copia da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar ou certificado imputación emitido pola AEAT.</p>	

Os/as abaixo asinantes declaran baixo a súa responsabilidade que:

- Cumpren os requisitos esixidos nesta Convocatoria de axudas a estudantes para o curso 2023-2024 do Concello de Muras.

- Que se adquiriu os libros e/ou material escolar para o curso para o que se concede a axuda.

- Que os datos incorporados nesta solicitude axústanse a realidade, autorizando ao Concello a obter tanta información estime oportuna para a comprobación dos datos comunicados na solicitude, así como os relativos ao cumprimento das súas obrigacións tributarias e o cumprimentos dos requisitos establecidos para obter, percibir a axuda, así como a comprobación dos datos de escolarización do/a alumno/a e do empadramento no Concello de Muras do/a estudante.

- Outras axudas concedidas:

NON solicitei ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.

SI solicitei axuda para este mesmo proxecto (enumerar as axudas, tipo de axuda contía e organismo concedente)

A/o solicitante

En Muras a _____ de _____ de _____

ASDO. _____

ANEXO II.-SOLICITUDE DE AXUDAS A ESTUDANTES PARA O CURSO 2024-2025

DATOS	APELIDOS E NOME DO/A ESTUDIANTE	NIF
	CURSO: CENTRO DE ENSEÑANZA:	
	APELIDOS E NOME DO PAI OU TITOR LEGAL:	NIF
	APELIDOS E NOME DA NAI OU TITORA LEGAL:	NIF
	DIRECCIÓN	TELÉFONO
SOLICITUDE	<p>SOLICITA que lle sexa concedida a axuda para:</p> <p><input type="checkbox"/> Libros de texto e material complementario</p> <p><input type="checkbox"/> Conexión a internet</p> <p><input type="checkbox"/> Axuda para alugueiro e/ou transporte.</p> <p><input type="checkbox"/> Axuda para estancias de estudos no estranxeiro</p>	
AUTORIZACIÓN	<p>O/A Solicitante AUTORIZA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO ao Concello de Muras a obter a seguinte documentación:</p> <p>- Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT, Atriga) e ca Seguridade Social.</p>	
DECLARACIÓN	<p>DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI do solicitante e do estudante.</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia do libro de familia, no caso de que os nenos/as aínda non teñan DNI.</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro, acreditativo de que o solicitante cursa estudos no mesmo.</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado ou copia do expediente académico do curso anterior (só estudos postobrigatorios)</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para material didáctico complementario, factura de compra dos libros e material didáctico.</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para conexión a internet, facturas que acrediten a conexión de datos, polo importe máximo subvencionado.</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para aloxarse fora do municipio por motivos de estudo, copia do contrato de alugueiro.</p> <p><input type="checkbox"/> No caso de axudas para estancias no estranxeiro, copia da resolución pola que se lle concede a estancia de estudos no estranxeiro e copia dos gastos vinculados á estada no destino.</p> <p><input type="checkbox"/> Certificado do solicitante de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social.</p> <p><input type="checkbox"/> Copia da declaración do IRPF do último exercicio presentado de todos os membros da unidade familiar ou certificado imputación emitido pola AEAT.</p>	

Os/as abaixo asinantes declaran baixo a súa responsabilidade que:

- Cumpren os requisitos esixidos nesta Convocatoria de axudas a estudantes para o curso 2023-2024 do Concello de Muras.
- Que se adquiriu os libros e/ou material escolar para o curso para o que se concede a axuda.
- Que os datos incorporados nesta solicitude axústanse a realidade, autorizando ao Concello a obter tanta información estime oportuna para a comprobación dos datos comunicados na solicitude, así como os relativos ao cumprimento das súas obrigacións tributarias e o cumprimentos dos requisitos establecidos para obter, percibir a axuda, así como a comprobación dos datos de escolarización do/a alumno/a e do empadramento no Concello de Muras do/a estudante.
- Outras axudas concedidas:

NON solicitei ningunha outra axuda para esta mesma finalidade.

SI solicitei axuda para este mesmo proxecto (enumerar as axudas, tipo de axuda contía e organismo concedente)

A/o solicitante
En Muras a _____ de _____ de _____

ASDO. _____

ANEXO II.-CERTIFICADO MATRICULACIÓN

CERTIFICACIÓN	<p>D/D^a director/a ou tutor/a do Centro Educativo CERTIFICA que:</p> <p>D/D^a está matriculado/a neste Centro e é alumno/a de (1) (2)</p> <p>Asdo.:</p> <p>(Selo e firma)</p> <p>(1) Indicar o curso: primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto ou sexto (2) Indicar o ciclo: Infantil, primaria, secundaria ou educación especial</p>
---------------	--

ANEXO III.-CERTIFICADO DO CENTRO ESCOLAR

(Cubrir no caso de que o/a alumno/a teña necesidades específicas de apoio educativo)

CERTIFICACIÓN	<p>D/D^a director/a ou tutor/a do Centro Educativo CERTIFICA que:</p> <p>O /A Alumno/a recibe apoio dende a unidade de educación especial do centro.</p> <p>Asdo.:</p> <p>(Selo e firma)</p>
---------------	--

ANEXO IV.- ACREDITACIÓN DA NECESIDADE DE SOLICITAR AXUDA DE TRANSPORTE E/OU ALUGUEIRO

DATOS	APELIDOS E NOME DO/A ESTUDIANTE:	NIF
	APELIDOS E NOME DO PAI OU TITOR LEGAL:	NIF
	APELIDOS E NOME DA NAI OU TITORA LEGAL:	NIF
	DIRECCIÓN	TELÉFONO

EXPÓN	<p>Que tendo coñecemento da convocatoria de axudas a estudantes para o curso 2023-2024 e 2024-2025 do Concello de Muras, na que se conceden axudas de alugueiro e de transporte para estudantes universitarios ,así como do alumnado de ciclos medio e superior de formación profesional e bacharelato que teñan que desprazarse fora do Concello de Muras , por non existir acción formativa do ciclo ou bacharelato elixido neste municipio durante os cursos 2023-2024 e 2024-2025.</p> <p><input type="checkbox"/> Que reunindo as condicións da convocatoria teño que desprazarme a _____ xa que curso estudos de _____.</p> <p><input type="checkbox"/> Que reunindo as condicións da convocatoria teño que permanecer fora domicilio familiar toda a semana, xa que curso estudos de _____ en _____.</p> <p>E que tendo coñecemento de que para percibir esta axuda debo presentar no Concello de Muras (marcar segundo corresponda) :</p> <p><input type="checkbox"/> Os billetes, bonos, xustificante do medio de transporte utilizados correspondentes a cada período, ordenados por data (día e mes),</p> <p><input type="checkbox"/> O contrato e os recibos do alugueiro, ordenados por data (día e mes).</p>
-------	--

SOLICITA	<p>Que tendo en conta o exposto anteriormente solicita a concesión dunha axuda para:</p> <p><input type="checkbox"/> Transporte.</p> <p><input type="checkbox"/> Alugueiro.</p> <p>En Muras a _____ de _____ de _____</p> <p>Asdo.: _____</p>
----------	---

Muras, 11 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0406

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 3/02/2025**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **XANEIRO** de 2025, polo importe total de **3.636,92€**.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 6 de febreiro de 2025.- O Alcalde, D. José Luis López López.

R. 0407

SOBER

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO DESFILE DE ENTROIDO E DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2025

Primeira.- Obxetivos

Con motivo da celebración do Entroido 2025, o Concello de Sober convoca o **Desfile de Entroido, nas modalidades de Comparsa, grupos e individual e parellas e o Concurso de Disfraces - Modalidade infantil**, o Sábado 1 de marzo.

Segunda.- Categorías

- **Comparsas:** deberán estar formadas por un mínimo de dez compoñentes.
- **Grupos:** entre 3 a 9 compoñentes
- **Individual e parellas:** 1 e 2 compoñentes

O **Desfile de Entroido** sairá da Praza do Concello as 17:00h. Os/as participantes colocaranse según a orde de chegada, a partir das 16:30h. Deberán levar un número de identificación, para que o xurado poda facer a súa valoración, que se recollerá no centro sociocultural de Sober, unha vez feita a inscrición.

O **Concurso de Disfraces: Modalidade infantil**, levarase a cabo no Pavillón do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme de Sober ás 19:30h e non poderán participar disfraces do desfile de comparsas.

As categorías son:

- **Grupos:** entre 3 e 9 compoñentes
- **Individual e parellas:** 1 e 2 compoñentes

O Concello de Sober reservase o dereito a facer as modificacións necesarias. No caso de habelas, serán publicadas nas redes sociais do Concello de Sober.

Terceira.- Prazo de presentación das solicitudes e documentación

A inscrición pódese facer no centro sociocultural de Sober, no Departamento de Cultura de 10:00h a 14:00h. A información requerida é a seguinte:

- Impreso de solicitude
- Fotocopia do DNI /CIF
- Certificado de titularidade da conta do representante do grupo ou comparsa.

Tamén se pode presentar solicitude de participación pola sede electrónica, mediante modelo de instancia xeral.

O último día para a inscrición no Desfile de Entroido será o día **27 de febreiro** ás 14:00h.

A inscrición neste concurso implica a autorización de todos/as participantes a posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade.

Cuarta.- Criterios de valoración

O xurado valorará os seguintes criterios, o longo do percorrido:

- Vestiario e maquillaxe: 0-5 puntos
- Elaboración do disfraz: 0-5 puntos
- Traballo feito a man: 0-5
- Uso de materiais de reciclaxe: 0-5 puntos
- Posta en escea e música: 0-5 puntos
- Orixinalidade: 0-5 puntos

Quinta.- Xurado

A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado, composto por representantes dos ámbitos sociais e culturais nomeados polo Departamento de Cultura do Concello de Sober

Sexta.- Dotación de premios

DESFILE DE ENTROIDO:
COMPARSAS (a partir de 10 compoñentes)
PREMIO Á PARTICIPACIÓN: 60€
COMPARSA MÁIS NUMEROSA: 150€
1º PREMIO: 400€
2º PREMIO: 250€
3º PREMIO: 150€
4º PREMIO: 100€
GRUPOS (de 3 a 9 compoñentes)
PREMIO Á PARTICIPACIÓN: 30€
1º PREMIO: 120€
2º PREMIO: 100€
3º PREMIO: 90€
INDIVIDUAL E PARELLAS (de 1 a 2 compoñentes)
1º PREMIO: 80€
2º PREMIO: 60€
3º PREMIO: 50€

CONCURSO DE DISFRACES: MODALIDADE INFANTIL	
INDIVIDUAL E PARELLAS (de 1 a 2 compoñentes)	GRUPOS (de 3 a 9 compoñentes)
1º PREMIO: Vale 60€	1º PREMIO: Vale 80€
2º PREMIO: Vale 40€	2º PREMIO: Vale 60€
3º PREMIO: Vale 30€	3º PREMIO: Vale 50€

Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile de entroido e o concurso de disfraces e feita avaliación polo xurado. Os premios estarán suxeitos a retención do IRPF, de acordo coa lexislación vixente.

Séptima.- Protección de datos

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido polo normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é:

Concello de Sober, con dirección en Praza do Concello s/n 27460 – Sober

Oitava.- Aceptación

A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

Novena.- Publicidade

As presentes Bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décima.- Fin da vía administrativa

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de A Coruña.

Undécima.- Normativa aplicable

Para todo o non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sober, 7 de febreiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Luis Fernández Guitián.

R. 0408

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XERMADE***Anuncio*

Convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal, ano 2024-2025. Expediente 17/2025.

BDNS (Identif.): 813731

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/813731>)

Convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal, ano 2024-2025, e convocatoria. Expediente 17/2025.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 05/02/2025 apróbaronse as bases da convocatoria que de seguido se transcriben:

“Bases para a convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para fomentar unha actividade ou interese municipal, ano 2024-2025, e convocatoria. Expediente 17/2025.

1.- DISPOSICIÓN XERAIS.

A presente liña de axudas insírese dentro das previsións reflectidas no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Xermade 2024-2026 (BOP nº 262 do 15/11/2023), código 3.1 da área 3 (Promoción Cultural) e código 5.1 da área 5 (Promoción e fomento do deporte), cos seguintes obxectivos:

Favorecer a iniciativa cidadá organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.

Contribuír ao fomento das entidades deportivas municipais.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Xermade, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio. Ampárase no título competencial do artigo 25.2 l) e m) da lei 7/85 de 2 de abril de bases do réxime local na redacción dada pola lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local –promoción do deporte e promoción da cultura-.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1- Promoción de actividades culturais: entendéndose por elas actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, eventos musicais, encontros, conferencias, estudos, e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 334.489 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

2.2- Promoción de actividades deportivas: Neste apartado foméntanse o deporte escolar, cursos, competicións, campus deportivos, e en xeral, actividades relacionadas coa promoción do deporte.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase a partida 334.489 do orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

O crédito orzamentario destinado a subvencionar actividades reguladas nestas bases ascende a un total de 20.685,00€ (vinte mil seiscientos oitenta e cinco euros).

Serán actividades subvencionables ó abeiro das presentes Bases aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo disposición expresa en contrario nas bases reguladoras das subvencións, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Non se subvencionarán as actividades numeradas no artigo 19ª da Ordenanza reguladora do outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade (BOP nº 45 do 24 de febreiro de 2007), ademais dos seguintes:

- investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas.
- gastos de mantemento ordinario (teléfono, luz, auga, gas...).
- os desprazamentos con fins lúdicos ou de espallamento.
- actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal.
- cantidades satisfeitas ó Concello de Xermade polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.
- gastos relacionados con comidas, adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo e tabaco e outros produtos considerados lesivos para a saúde.

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente -contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por

razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

3.- BENEFICIARIAS.

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nas presentes Bases persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados coma subvencionables, que teñan a súa sede social no termo municipal do Concello de Xermade e que cumpran as seguintes condicións:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Desenvolver as súas actividades no termo municipal.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- d) Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social
- e) Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios que leven a cabo actividades subvencionables de máis dunha das clases recollidas na Base 2ª, poderán solicitar subvención para cada unha delas.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse no prazo de un (1) mes a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

4.2.- A tramitación será telemática, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Xermade. A presentación producirá plenos efectos xurídicos sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitude, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada pola presidencia da entidade, ou por quen teña conferida a delegación, e acompañada de fotocopia do DNI.
2. Memoria explicativa de todas as actividades que se pretenden levar a cabo, indicando en cada unha delas os seguintes puntos:
 - Duración
 - Lugares
 - Equipamento necesario para a súa realización
 - Persoal que se require para levar a cabo a actividade
 - Orzamento de gastos da actividade (financiamento de fondos propios ou doutros organismos públicos ou privados)
3. Documento que acredite o número de socios, así como número dos mesmos no momento da solicitude.
4. Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento de representante para as relacións co Concello.
5. Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
6. Copia dos Estatutos da entidade, agás que xa os presentasen con anteriormente no Concello. Neste caso, farase constar expresamente na solicitude.
7. Fotocopia do CIF, agás que xa o aportase con anterioridade.
8. Declaración de non ter solicitada nin concedida ningunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.
9. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO.

5.1.- Subvencións para actividades culturais: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.
- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este: 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súa traxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo

5.2.- Subvencións para actividades deportivas: Cada solicitante poderá obter 20 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de valoración como segue:

- Potencial número de persoas beneficiadas directamente polo conxunto das actividades programadas: 3 puntos como máximo.
- Colaboración co Concello no desenvolvemento das actividades programadas por este: 6 puntos como máximo.
- Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade: 3 puntos como máximo.
- Implantación de programas e actividades estables e a súa traxectoria no tempo: 4 puntos como máximo.
- Diversificación na programación e interese xeral das actividades: 4 puntos como máximo.

En base ós criterios anteriormente expostos, o órgano instrutor formulará proposta motivada, que será sometida a informe da Comisión de Valoración.

A proposta do órgano instrutor establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvencións ós diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos solicitantes, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

A suma global acadada será tida en conta para a concesión das subvencións do seguinte modo:

- De 20 a 15 puntos, poderase subvencionar ata un 80 % do orzamento.
- De 15 a 10 puntos, ata un 60 %
- De 10 a 5 puntos, ata un 40 %
- De 5 a 0 puntos, ata un 20 %

A contía total da subvención non superará os 2.800 euros por entidade.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade. Este suposto dará lugar a unha modificación da resolución de concesión.

6.- ÓRGANO INSTRUTOR E ÓRGANO COLEXIADO.

6.1.- O órgano instrutor será o técnico local de emprego do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada polo instrutor, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.

Vogais: os/as concelleiros/as delegados/as de cultura e facenda.

Secretaria: o/a secretario-interventor do Concello.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.

Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de dous meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ós interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

No prazo máximo de quince días dende a notificación da concesión, o Concello de Xermade procederá ao abono dun anticipo prepagable do 50% do importe da subvención a todos os beneficiarios que o soliciten. O 50% restante farase efectivo unha vez se proceda á correcta xustificación do emprego da cantidade total concedida da maneira que se regula no apartado referente á xustificación da subvención (reducíndose proporcionalmente no caso de que a xustificación sexa parcial).

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras Entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

8.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA.

As beneficiarias das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, tanta información lles sexa requirida.
3. Facer constar, naquelas actividades subvencionadas, que as mesmas contan con subvención do Concello de Xermade, coa expresión “Colabora Concello de Xermade”, e empregar a lingua galega en todos aqueles soportes que -ao uso- utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
4. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
5. Xustificar o gasto realizado como máximo o día 15 de novembro do ano 2025 de acordo co previsto nas presentes Bases.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación na sede electrónica do Concello, como máximo ata o día 15 de novembro de 2025, do modelo normalizado que se facilitará no Concello, acompañado da seguinte documentación:

1º. Unha memoria das actividades desenvolvidas, acompañada dos documentos que xustifiquen a realización das mesmas (noticias de prensa, fotografías, trípticos, carteis, etc.). No caso de que non fose posible achegar algún destes documentos, xustificárase a súa ausencia.

2º. Certificación da secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas.

3º. Relación de gastos, acompañada de facturas orixinais ou copias compulsadas, cuxos conceptos definan claramente a actividade realizada, polo importe total da subvención concedida, achegando declaración da beneficiaria de ter realizado o fin para o que foi concedida a subvención. Achegaranse tamén os xustificantes de pago (no caso de que o pago se realizase en efectivo, na factura constará o “recibín” asinado polo provedor).

- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.

- No caso de gastos de material, subministracións, etc., orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:

-Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

-Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

-Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ó nome da Entidade ou, no seu caso, ó do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.

-Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.

-Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de “factura”.

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase á redución da subvención concedida ata que non se supere este custo.

No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificados pola beneficiaria non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.

10.- RENUNCIA

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

12.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

13.- OUTRAS DISPOSICIÓNS

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto en:

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 29/ 1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025.”

Xermade, 10 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0396